



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 28 DE XULLO DE 2016

### **Alcalde-Presidente:**

Don Antonio Fernández Angueira.

### **Concelleiros presentes:**

Don José Ramón Pardo Andrade.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Francisco García Dios.

### **Concelleiros ausentes:**

Don Andrés Sanmarco Santos.

### **Secretaria:**

Dona Ana María Ares Álvarez.

### **Interventora:**

Dona Eva María Casal Sanjurjo.

Na Alcaldía da Casa Consistorial de Padrón, sendo as dez horas do día vinte e oito de xullo de dous mil dezaseis, baixo a Presidencia do señor alcalde don Antonio Fernández Angueira reúnen-se as señoras Concelleiras e os señores Concelleiros relacionados na cabeceira, todas e todos membros da Xunta de Goberno Local, co fin de celebrar a sesión ordinaria deste órgano en primeira convocatoria, asistidos da Secretaria da Corporación dona Ana María Ares Álvarez, de acordo coa seguinte:

## ORDE DO DÍA

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 14 DE XULLO DE 2016.**

Remitido ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros o texto da acta da sesión ordinaria realizada o catorce de xullo de dous mil dezaseis por esta Xunta de Goberno Local, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

### **2.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA PASARELA PEONIL SOBRE O RÍO SAR.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 26 de xullo de 2016:

#### **<<Antecedentes administrativos.**

Primeiro. O 20 xuño de 2016 publícase no DOG número 116 a Resolución da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Territorio do 15 de xuño de 2016 pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes, en materia de colaboración entre a xunta de Galicia e as corporacións municipais, para a realización de obras con cargo ao financiamento extraordinario para o Plan Hurbe no ano 2016.

Segundo. O 21 de xuño de 2016 rexístrase no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia a solicitude deste Concello para o financiamento con cargo ao devandito Plan Hurbe a obra denominada "Pasarela peonil sobre o río Sar en Padrón" e achégase coa solicitude un exemplar do anteproxecto da obra redactado por don Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, canles e portos, colexiado 22.992, cun orzamento de execución por contrata de 121.047,07 €.

Terceiro. Con carácter previo á devandita solicitude de subvención, xa fora tramitada a petición ao Servizo de Patrimonio Cultural da Coruña de autorización para a execución das obras dado que se sitúan nun lugar catalogado como Paisaxe Pintoresca e a Augas de Galicia por afectar á zona de servidume e de policía do río Sar.

Cuarto. O 29 de xuño ten entrada no rexistro municipal a autorización do director xeral de Patrimonio Cultural do 27 de xuño de 2016 para a realización das obras aínda que condicionado o seu inicio á previa presentación e aprobación por este mesmo organismo do correspondente proxecto de control arqueolóxico.

Quinto. O 18 de xullo ten entrada no rexistro municipal requerimento da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo polo que se solicita, para poder seguir coa tramitación do expediente, a presentación da seguinte documentación:

1.- Proxecto redactado por técnico competente, que comprenda a definición e valoración das obras a executar, aprobado polo órgano competente para elo.

2.- Testemuño do acordo adoptado polo órgano competente deste concello, contemplativo dos extremos seguintes:

- a) O compromiso de posta a disposición, libres de cargas e gravames e cos usos urbanísticos adecuados, de tódolos terreos necesarios para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións para levalas a cabo, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación algunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, o ser o Concello o titular das mesmas.

A estes efectos, tamén se compromete, se fora o caso, a prestar a aprobación ó proxecto técnico remitido á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio nun prazo máximo de 15 días, unha vez supervisado polos servizos da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

- b) A obriga de asumir, unha vez recibidas as obras e logo de comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a explotación, mantemento e conservación delas.
- c) Facultar ao Alcalde-Presidente, se fose o caso, para a sinatura do correspondente convenio.

#### **Fundamentos de dereito.**

Primeiro. Considerando que o artigo 21.1.o) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), recolle que o Alcalde será o competente para aprobar os proxectos das obras cando sexa o competente para a súa contratación, e que o artigo 22.2.ñ) da mesma Lei atribúe esta competencia ao Pleno da Corporación cando este sexa o competente para a contratación.

Segundo. Considerando que a competencia para a celebración do contrato é do Alcalde en base á DA 2ª da LCSP, posto que o importe acumulado de todas as anualidades non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os 6.000.000 de euros nin a súa duración é superior ós catro anos, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local segundo o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

#### **Propoño á Xunta de Goberno Local:**

**Primeiro.** Aprobar o anteproxecto da obra "Pasarela peonil sobre o río Sar en Padón" cun orzamento de execución por contrata de 121.047,07, redactado por Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, canles e portos colexiado 22.992.

**Segundo.** Asumir os seguintes compromisos con respecto a esta obra ante a Secretaría Xeral de Ordenación



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

do Territorio e Urbanismo:

- Poñer a disposición, libres de cargas e gravames e cos usos urbanísticos adecuados, tódolos terreos necesarios para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións para levalas a cabo, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación algunha de tributo municipal, á que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o Concello o titular das mesmas.
- Aprobar, si así fora o caso, o proxecto técnico remitido á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio nun prazo máximo de 15 días, unha vez supervisado polos servizos da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.
- Asumir, unha vez recibidas as obras e logo da comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a explotación, mantemento e conservación delas.

**Terceiro.** Facultar ao señor Alcalde, se fose o caso, para a sinatura do correspondente convenio de colaboración cuxo borrador obra no expediente.

**Cuarto.** Comunicar o presente acordo á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, así como á intervención municipal.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Aprobar o anteproxecto da obra "Pasarela peonil sobre o río Sar en Padón" cun orzamento de execución por contrata de 121.047,07, redactado por Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, canles e portos colexiado 22.992.

**Segundo.** Asumir os seguintes compromisos con respecto a esta obra ante a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo:

- Poñer a disposición, libres de cargas e gravames e cos usos urbanísticos adecuados, tódolos terreos necesarios para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións para levalas a cabo, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación algunha de tributo municipal, á que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o Concello o titular das mesmas.
- Aprobar, si así fora o caso, o proxecto técnico remitido á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio nun prazo máximo de 15 días, unha vez supervisado polos servizos da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.
- Asumir, unha vez recibidas as obras e logo da comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a explotación, mantemento e conservación delas.

**Terceiro.** Facultar ao señor Alcalde, se fose o caso, para a sinatura do correspondente convenio de colaboración cuxo borrador obra no expediente.

**Cuarto.** Comunicar o presente acordo á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, así como á intervención municipal.

### **3.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN Nº 1 DO CONTRATO DE SERVIZOS DE ELABORACIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DA EX-COLEXIATA DE SANTA MARÍA DE IRIA E O SEU CONTORNO. EXPTE. 24/2012-SER-PA.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 19 de xullo de 2016 e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 22 de xullo de 2016, que di:

<<**Antecedentes administrativos.**

Primeiro. A Xunta de Goberno Local, por acordo do 30 de decembro de 2014 e previa tramitación do procedemento aberto correspondente, adxudicou o contrato administrativo de servizos de elaboración do Plan especial de protección da ex-Colexiata de Santa María de Iria e o seu contorno, expediente 24/2012-SER-PA, a Estudio Técnico Gallego, SA.

Segundo. O 19 de xaneiro de 2016 formalizouse en documento administrativo o contrato de servizos.

Terceiro. A cláusula 4.1 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen esta contratación e que forman parte do contrato establece o prazo de execución total do contrato en catro (4) anos, contados desde o día de formalización do contrato e asemade fixa os prazos parciais para a realización das diferentes fases do contrato.

Cuarto. O cronograma de execución dos traballos presentado polo contratista 28 de novembro de 2014 e que forma parte tamén do contrato concreta eses prazos parciais sen modificalos.

Quinto. O 20 de abril de 2015 o contratista presenta o documento de inicio para o seu sometemento ao trámite de avaliación ambiental estratéxica. Trala subsanación dunha serie de defectos o 1 de xullo asínase a Acta de recepción parcial nº 1 dos traballos e ese mesmo día remítese un exemplar do mesmo á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental Estratéxica.

Sexto. O 7 de outubro do 2015 ten entrada no Rexistro Municipal a comunicación da Resolución da Secretaría Xeral pola que se acorda non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o plan especial.

Sétimo. O 23 de outubro de 2015 remítese esta decisión ao contratista quen a recibe o 26 de outubro de 2015.

Oitavo. O 27 de xaneiro de 2016 o arqueólogo da empresa contratista remite un correo electrónico ao director dos traballos instando ao Concello para que solicite a documentación que se precisa para elaboración da seguinte fase á Dirección Xeral de Patrimonio, o que se realiza por escrito rexistrado de saída o 28 de xaneiro.

Noveno. O 21 de abril de 2016 Estudio Técnico Gallego, SA, solicita a suspensión do contrato en tanto non se facilite a documentación por parte da Dirección Xeral de Patrimonio.

Décimo. O 22 de abril de 2016 ten entrada no rexistro municipal comunicación da Dirección Xeral na que relaciona a documentación dispoñible para estes efectos o que se comunica á contratista o 2 de maio. Esta é recibida o 4 de maio por Estudio Técnico Gallego.

Décimo primeiro. O 26 de maio rexístrase de saída unha consulta á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental sobre a necesidade de someter de novo o documento de inicio ao trámite de avaliación ambiental estratéxica dada a entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Décimo segundo. O 9 de xuño de 2016 recíbese a contestación da Secretaría Xeral na que se conclúe que, dado que as determinacións do Plan especial están adaptadas á nova Lei do solo de Galicia, pódese continuar coa tramitación do mesmo. O 16 de xuño de 2016 comunícase a Estudio Técnico Gallego esta contestación que resulta recibida o 17 de xuño.

Décimo terceiro. O 14 de xullo de 2016 solicítase informe ao director dos traballos sobre a solicitude de suspensión do contrato, o cal resulta emitido o 18 de xullo.

Décimo cuarto. O 18 de xullo emítese o informe conxunto de secretaria-intervención sobre a suspensión solicitada.

#### **Fundamentos xurídicos.**

Primeiro. Vistos os argumentos recollidos no informe conxunto da secretaria e intervención municipais do 18



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

de xullo do 2016, que son asumidos neste acordo como motivación en base ao establecido no artigo 89.5. da LRPAC, e tendo en conta que no mesmo propónse a tramitación da petición de suspensión como unha modificación do contrato.

Segundo. Visto o contido do informe emitido polo arquitecto director dos traballos o 18 de xullo de 2016 e a documentación obrante no expediente administrativo, considérase que a modificación proposta responde a razóns de interese público, tal e como exixe o artigo 219 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP); que queda acreditado a concorrencia das circunstancias descritas nos apartados b) e e) do artigo 107.1 do mesmo texto legal; e que é respetuosa coas limitacións establecidas nos artigos 105.2 e 107.2.

Terceiro. Considerando o procedemento de tramitación das modificacións constructuais descrito na cláusula 26.1 do prego de administrativas particulares que rexen esta contratación e nos artigos 219 e 211 do TRLCSP e no 102 do RLCPA e visto que no presente suposto o trámite de audiencia ao contratista non é preciso na medida en que a suspensión foi solicitada por el.

Cuarto. Considerando que o órgano competente para a aprobación desta modificación é a Xunta de Goberno Local por delegación do Pleno da Corporación Municipal segundo o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal,

## **Propoño á Xunta de Goberno Local:**

**Primeiro.** Aprobar a modificación número 1 do contrato de servizos de elaboración do Plan especial de protección da ex-Colexiata de Santa María de Iria e o seu entorno, adxudicado a Estudio Técnico Gallego, SA, consistente en suspender o cómputo do prazo parcial de 6 meses para presentar o documento para a aprobación inicial desde o 27 de xaneiro de 2016 ata o 17 de xuño de 2016 (día no que se reiniciará o seu cómputo), o que implica que este prazo de 6 meses que se iniciou o 26 de outubro de 2015 rematará o 16 de setembro de 2016.

**Segundo.** Facer constar que a presente modificación non supón aumento algún do prezo do contrato (99.220,00 €, IVE incluído), nin do prazo total nin dos parciais de execución dos traballos, nin de calquera outra cláusula do contrato inicial formalizado o 19 de xaneiro de 2015

**Terceiro.** Formalizar a modificación do contrato en documento administrativo no prazo máximo de quince (15) días hábiles desde a recepción polo contratista da notificación do presente acordo, na data que sinala o señor Alcalde.

**Cuarto.** Notificar o presente acordo á empresa contratista coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Pleno da Corporación Municipal no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Quinto.** Dar traslado do presente acordo ao arquitecto responsable do contrato/director dos traballos e á intervención municipal.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Aprobar a modificación número 1 do contrato de servizos de elaboración do Plan especial de protección da ex-Colexiata de Santa María de Iria e o seu entorno, adxudicado a Estudio Técnico Gallego, SA, consistente en suspender o cómputo do prazo parcial de 6 meses para presentar o documento para a aprobación inicial desde o 27 de xaneiro de 2016 ata o 17 de xuño de 2016 (día no que se reiniciará o seu cómputo), o que implica que este prazo de 6 meses que se iniciou o 26 de outubro de 2015 rematará o 16 de setembro de 2016.

**Segundo.** Facer constar que a presente modificación non supón aumento algún do prezo do contrato (99.220,00 €, IVE incluído), nin do prazo total nin dos parciais de execución dos traballos, nin de calquera outra cláusula do contrato inicial formalizado o 19 de xaneiro de 2015

**Terceiro.** Formalizar a modificación do contrato en documento administrativo no prazo máximo de quince (15) días hábiles desde a recepción polo contratista da notificación do presente acordo, na data que sinale o señor Alcalde.

**Cuarto.** Notificar o presente acordo á empresa contratista coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Pleno da Corporación Municipal no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Quinto.** Dar traslado do presente acordo ao arquitecto responsable do contrato/director dos traballos e á intervención municipal.

**4.- COMUNICACIÓN DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO ADICADO A DROGUERÍA, SITO NA RÚA JUAN RODRÍGUEZ Nº 6, FORMULADA POR DON EMILIO MARTÍNEZ FRAIZ. EXPTE. 41/201/CT.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 26 de xullo de 2016:

**<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:**

**Primeiro.** En data 7 de xullo de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 6054, comunicación previa de cambio de titularidade da licenza de apertura outorgada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón para a actividade de droguería, que na actualidade figura baixo a titularidade da sociedade civil "Herminia S.C.", con denominación comercial "Droguería Herminia", formulada por D. Emilio Martínez Fraiz, novo titular da actividade. Achégase coa solicitude formulario de comunicación previa de cambio na actividade, alta no imposto de actividades económicas, e copia do cambio de titularidade da licenza do local.

**Segundo.** En data 22 de xullo de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa favorablemente a solicitude.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

**Primeiro.** Artigo 13 do regulamento das corporacións locais en canto á transmisibilidade da licenza.

**Segundo.** Artigo 24.3 da lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, en canto ao sometemento do troco de titularidade das actividades e establecementos ao réxime de comunicación previa e a suxeción ao réxime establecido polo artigo 71 bis da lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC)

**Terceiro.** En base ao disposto no informe do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 26 de maio de 2016, e os argumentos neste recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

**Cuarto.** Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras e actividade tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, e polo tanto resultando tamén ser o órgano competente para tomar coñecemento e outorgar o troco de titularidade solicitado,



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

## PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

**Primeiro.** Tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza municipal de apertura dun establecemento adicado a DROGUERÍA sito na rúa Juan Rodríguez nº 6, baixo, pasando á titularidade de D. EMILIO MARTÍNEZ FRAIZ, con denominación comercial "DROGUERÍA HERMINIA", expediente 41/2016/CTA.

**Segundo.** O novo titular da licenza se atopa sometido durante o exercicio da actividade ao mantemento das condicións obxectivas e requisitos normativos para a mesma.

**Terceiro.** A licenza enténdese outorgada salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Cuarto.** Cumplímntese e expídase polos servizos administrativos do Concello a correspondente cartulina acreditativa da licenza a nome do beneficiario da transmisión.

**Quinto.** Dar traslado do acordo adoptado ao servizos municipais de Urbanismo, así como dar traslado ao técnico municipal en xestión económica aos efectos de que se liquiden as taxas e tributos municipais que, no seu caso, resulten de aplicación.

**Sexto.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano delegante, isto é, o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza municipal de apertura dun establecemento adicado a DROGUERÍA sito na rúa Juan Rodríguez nº 6, baixo, pasando á titularidade de D. EMILIO MARTÍNEZ FRAIZ, con denominación comercial "DROGUERÍA HERMINIA", expediente 41/2016/CTA.

**Segundo.** O novo titular da licenza se atopa sometido durante o exercicio da actividade ao mantemento das condicións obxectivas e requisitos normativos para a mesma.

**Terceiro.** A licenza enténdese outorgada salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Cuarto.** Cumplímntese e expídase polos servizos administrativos do Concello a correspondente cartulina acreditativa da licenza a nome do beneficiario da transmisión.

**Quinto.** Dar traslado do acordo adoptado ao servizos municipais de Urbanismo, así como dar traslado ao técnico municipal en xestión económica aos efectos de que se liquiden as taxas e tributos municipais que, no seu caso, resulten de aplicación.

**Sexto.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano delegante, isto é, o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE DEMOLICIÓN DE SUBSTITUCIÓN DE TRES FIESTRAS EN FACHADA DE VIVENDA EXISTENTES EN FINCA SITA NO LUGAR DE PAZOS, FORMULADA POR DON JOSÉ MANUEL SOMOZA ALVES. EXPEDIENTE 123/2016/CP.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 26 de xullo de 2016:

#### <<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

**Primeiro.** En data 8 de xullo de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 6116, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para obras de substitución de tres fiestras en fachada principal de vivenda sita no Lugar de Pazos, con referencia catastral 8650923NH2384N0001UH, formulada por D. José Manuel Somoza Alves. Achégase coa comunicación previa orzamento da intervención, fotografías e plano de situación, así coma autorización de data 1 de xuño de 2016 da demarcación de estradas do estado en Galicia, Ministerio de Fomento.

**Segundo.** En data 20 de xullo de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

**Terceiro.** En data 20 de xullo de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO.

**Primeiro.** A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de substitución de tres fiestras en fachada principal de vivenda sita no Lugar de Pazos, con referencia catastral 8650923NH2384N0001UH. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, sustituíndo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

*Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizarase nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.*

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de declaración responsable.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime





# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfí: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

establecido para as comunicacións previas.

**Cuarto.** O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

- Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exixible: Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na conformidade técnica municipal. Substitución de tres fiestras da fachada oeste do primeiro andar dunha edificación existente, incluso montaxe e desmontaxe de estadas en dominio público de carreteras do estado.
- Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa asinado pola solicitante.
- Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Consta achegada autorización da demarcación de estradas do estado en Galicia de data 6 de xuño de 2016 para as obras solicitadas. Vista a conformidade municipal, non resulta necesaria a aportación doutras autorizacións sectoriais.
- Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.

Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitir as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO NON URBANIZABLE NON PROTEXIDO DE NÚCLEOS RURAIS DE POBOACIÓN (NN), conforme o PXOM do Concello de Padrón, ao que se lle aplica o disposto no planeamento respectivo segundo o réxime transitorio disposto na Lei do Solo de Galicia para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

**Quinto.** De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentárase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requerir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

**Sexto.** A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoitir un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 71.4 da lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), que determina:

*“A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación perante a administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.*

*Asimesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.”*

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

**Sétimo.** Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá apercibirse ao declarante.

**Oitavo.** Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que sustitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, aplicado analóxicamente ao caso que nos ocupa, xa que o acordo que se adoite constitúe un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

resulta asimilable a unha licenza municipal.

## **PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 8 de xullo de 2016, asinada por D. JOSÉ MANUEL SOMOZA ALVES, para obras de substitución de tres fiestras en fachada principal de vivenda sita no Lugar de Pazos, con referencia catastral 8650923NH2384N0001UH, expediente 123/2016/CP conforme a documentación anexa á mesma.

**Segundo.** A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

**Terceiro.** Apercíbese ao declarante:

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

